

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, SA, COA FINALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA GE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 07.06.2023 con Galaria, empresa pública de servizos sanitarios o instrumento convencional arriba referido.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados, da marca GE, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, SA. Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que a tecnoloxía médica é considerada coma unha das variables clave que inflúen de xeito decisivo na calidade do proceso asistencial, facilitando o diagnóstico e a terapia para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma. O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a

seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

